

I RUTA “BTT DO PORQUIÑO”

Regulamento

1. A ASOCIACIÓN CULTURAL XENTE DA TRALLA, coa colaboración do CONCELLO DE CEE, organiza a I RUTA “BTT DO PORQUIÑO” -Marcha social e NON COMPETITIVA- a celebrar o sábado 1 de xuño de 2019.
2. Na marcha poderá participar calquera ciclista maior de idade, ou maior de 15 anos con autorización parental.
3. A I RUTA “BTT DO PORQUIÑO” é una proba non competitiva que terá lugar na data programada por camiños e pistas dos concellos de Cee (A Coruña). A ruta constará dun único itinerario duns 35Kms de lonxitude, que na sua maior parte transcorre por camiños rurais, forestais e de monte, existindo cruces con tramos de estradas, que se atopan abertas ao tráfico para outros usuarios, polo que se deberá extremar a precaución por parte dos participantes, respetando as normas de circulación recollidas na LEI DE SEGURIDADE VIAL e no REGULAMENTO XERAL DE CIRCULACIÓN.
4. En todo momento respetaranse e acataranse as ordes e indicacións dos membros da organización e do persoal de seguridade, non sobrepasando en ningún momento o vehículo que abre a mesma, e cuxo incumprimento dará lugar á exclusión da proba.
5. A **entrega de dorsais** realizarase no Salón de actos da Escola de Pereiriña a partir das 8:00h. No momento da recollida, firmarse ou farase entrega deste regulamento firmado, indicando nome, apelidos de DNI.
6. A **concentración e Saída** terá lugar no Campo de Fútbol Sala da Escola de Pereiriña ás 09:30h. e o remate será aproximadamente ás 14:30 horas no mesmo lugar.
7. **PUNTOS DE CORTE.** Exisitirá 1 punto de corte e un horario máximo para a realización da proba:
 - a. - Deberá pasarse polo alto de Foxomao por segunda vez antes de 2 horas dende o inicio da proba.
 - b. - Desde a chegada do primeiro participante o punto de finalización do recorrido, establece un tempo máximo de 90’ que non deberá ser superado.
8. Calquer incumprimento nun dos apartados anteriores suporá a retirada do dorsal, e pasaran a ser considerados usuarios normais da vía.
9. As **inscricións** efectuaránse na páxina web www.emesports.es. O importe en concepto de inscrición é de **15€**. A data límite para formalizar a inscrición será o día 29 de maio ás 20:00h. Non se permitirán inscricións o mesmo día da proba. O número máximo de participantes establécese en 200.
10. Co abono da inscrición entregarase a cada participante un ticket para o **GRAN ASADO DE PORQUIÑO Ó ESPETO** que terá lugar ese mesmo día as 15:00h no campo da festa, e un agasallo recordatorio do evento. O ticket da dereito a unha ración de Porquiño e o viño tinto.

11. A participación na proba incluíra os avituallamentos (bebida, froita,...), servizo de lavado de bicicletas, servizo de recollida en caso de avería, asistencia sanitaria con ambulancia, técnico e Médico, seguro de R.C., seguro de accidentes e vehículos de evacuación rápida. Ao finalizar a ruta, disporase dun servizo de duchas no recinto do campo SAN PAIO DOS REFOXOS. Cada participante será responsable do seu propio material de avería.
12. É obrigatorio o uso de **CASCO PROTECTOR HOMOLOGADO E NON LEVALO IMPLICA A RETIRADA DO DORSAL E DA RUTA**. A organización non se fai responsable dos accidentes nos que pudiera ser causa a neglixencia dos participantes, así como os danos que estes puideran ocasionar durante a realización da marcha.
13. Todos os participantes deben respectar o entorno por onde transcorre a proba, quedando terminantemente **prohibido tirar o lixo** en todo o percorrido a excepción dos contenedores situados no punto de avituallamiento e de inicio e final da ruta.
14. O percorrido estará convenientemente sinalizado e controlado por membros e colaboradores da asociación cultural, persoal de Protección Civil e axentes da Garda Civil de Tráfico.
15. O percorrido e a altimetría van en planos adxuntos, segundo os cales o desnivel acumulado é de 1.000m.
16. Dificultade física e técnica **MEDIA**.
17. A organización non se responsabilizará dos gastos ou débedas que puideran contraer os participantes durante a proba, nin dos extravíos ou avarías que puideran sufrir as bicicletas ou outro equipamento persoal dos mesmos.
18. A organización resérvase o dereito a realizar calquera modificación en canto a percorrido, avituallamentos, agasallos ou calquera outro punto que crea conveniente, cando circunstancias extraordinarias ou a seguridade da proba así o requiran.
19. A inscrición na **I RUTA “BTT DO PORQUIÑO”** conleva a aceptación, a todos os efectos, de todos e cada un dos artigos do presente regulamento.

NOME	APELIDOS	DNI	FIRMA